

DAS CONTAS NACIONAIS Á RIQUEZA DAS NACIÓNS. UNHA FOLLA DE RUTA PARA A ECONOMÍA DO SÉCULO XXI ¹

ALBINO PRADA BLANCO
Universidade de Vigo

Recibido: 13 de xaneiro de 2010

Aceptado: 24 de marzo de 2010

Desde a obra clásica² de Adam Smith do ano 1776 poucas veces se ten feito un esforzo intelectual sobre a natureza da riqueza das nacións como o que nos vai ocupar para comentar neste modesto resumo. A excepción estaría, ao meu ver, na obra do economista de orixe rusa Simon Kuznets (1901-1985), que fora premio Nobel de Economía e creador do sistema norteamericano unificado de contabilidade nacional. Pois vai ser sobre esta base intelectual sobre a que se levanten conceptos hoxe de uso común como o do produto interior bruto (PIB), a renda por habitante ou o valor engadido. Así e todo, cómpre lembrar que xa no ano 1934 o propio Kuznets dixera nun discurso diante do Congreso norteamericano que “*é moi difícil deducir o benestar dunha nación a partir da súa renda nacional (per cápita)*”.

Mais para a moderna contabilidade nacional –e para a maioría dos economistas– a riqueza da nación estaría resumida no PIB. Este vén ser o fluxo anual dos bens (agrícolas, industriais) e dos servizos producidos medidos polo seu valor monetario. Desde o punto de vista dos ingresos –ou do valor engadido– esa riqueza anual coincidirá coa suma³ das rendas salariais máis as non salariais (beneficios empresariais, dividendos bolsistas, xuros bancarios, etc.).

Nun recente e excepcional traballo colectivo⁴ presentado no ano 2009 (no que os seus tres coordinadores están acompañados por máis de trinta prestixiosos investigadores e profesores de economía de todo o mundo) trátase xusta e moi oportunamente, na miña opinión, de determinar *os límites do PIB como indicador do desempeño económico e do progreso social* (1), co obxectivo de que así *as políticas públicas teñan por obxectivo non o de incrementar o PIB mais si o de acrecentar o benestar social*.

¹ Comentario e resumo do informe *Medición do desempeño económico e do progreso social*, de Joseph Stiglitz, Amartya Sen e Jean Paul Fitoussi (2009).

² *La riqueza de las naciones*, libro primeiro (FCE, 1979).

³ Carlos Marx en *El Capital. Crítica de la Economía Política* (FCE, 1972) ocupárase, entre outras moitas cousas, de analizar a moi singular relación entre o salario e a riqueza producida.

⁴ *Rapport de la Commission sur la mesure des performances économiques et du progrès social* pode consultarse (tamén en inglés) en www.stiglitz-sen-fitoussi.fr; as cursivas son citas textuais, os números entre paréntese identifican os parágrafos citados do documento de síntese (de 72 páxinas e 279 parágrafos) titulado *Reflexións e panorámica das cuestións abordadas*, mentres que as referencias precedidas de p.(ou de pp.) son do informe completo de 324 páxinas na súa versión en francés.

Para deslindar tales límites e ter en conta esa diferenza, os autores pensaron que sería útil sistematizar *unha lista das adicións e subtraccións que poden e deben efectuarse para dispoñer dunha mellor medida do benestar* (8) que inclúa os *aspectos non monetarios da calidade de vida* (189). Dar conta resumida deles é o obxectivo central deste comentario bibliográfico.

Debemos dicir, xa de entrada, aínda que nos limitemos á produción dos bens e dos servizos que contan con mercados e con prezos (unha vivenda, un automóbil, a distribución de alimentos, etc.), que mellor que o produto interior bruto (PIB) sería utilizar o produto nacional neto (PNN). Neto en vez de bruto e nacional en vez de interior. Porque *o produto interior neto (PIN) é mellor que o produto interior bruto (PIB), pois ten en conta a destrución de capital* (37) e, por tela en conta, *o PIN medra con menos rapidez que o PIB* (58). Se á depreciación material lle engadimos a depreciación técnica –a obsolescencia que deriva da innovación–, o habitual vai ser que unha parte non pequena da produción bruta dun país sirva para repoñer os equipamentos (por usados ou por obsoletos). Por iso deberanse usar indicadores netos, e non brutos, se o que se quere é medir o benestar social, cousa que non se adoita facer.

O resultado non será necesariamente menor, pero si distinto, cando medimos o que se produce no interior, ou ben o que beneficia ao país; daquela *o produto nacional bruto (PNB) inclúe as rendas netas procedentes do estranxeiro ou as pagadas cara ao exterior, contrariamente ao PIB; se nos interesa o benestar da poboación dun país, o importante non é o que se produce no interior do país, senón as rendas dos seus cidadáns* (61). Sobra dicir que nun mundo globalizado as rendas derivadas dos fluxos de capitais ou dos movementos migratorios son crecentes, do que se deduce que os lindes nacionais dos indicadores económicos deberían privilexiarse verbo dos que contabilizan a simple produción interior. Así, nun país que recibe moitos investimentos estranxeiros como Irlanda⁵, as rendas nacionais dispoñibles (PNB) van ser moi inferiores ao PIB, xa que unha parte dos ingresos xerados polas actividades dos seus residentes debe ser enviada ao estranxeiro como remuneración daqueles investimentos.


Unha vez feitas estas correccións convén non perder de vista que o PIB medio por habitante⁶ (70-71) pode *non dar unha percepción estatística axeitada* da evolución do benestar ou da riqueza para unha boa parte da poboación, debido á desigualdade na súa distribución. Abonda con tomar nota de que a renda mediana (a que separa os fogares dun país en dúas metades, unha que gaña máis e outra que gaña menos) nos EE.UU. era máis baixa no ano 2006 que no ano 1998, a pesar de que o PIB medio *per cápita* tiña medrado un 9% no mesmo período. Mais, como acontecía co bruto en troques do neto, ou do interior verbo do nacional, o habitual é usar indicadores medios e non medianos. Menos habitual aínda é precisar de forma sistemática o que acontece coa distribución.

⁵ Na p. 27 preséntase a gráfica 1.1, na que se observa como o caso irlandés é ben diferente ao de Francia ou ao dos EE.UU.

⁶ Mesmo porque mellore debido a unha regresión demográfica relativa, aspecto este non contemplado polos autores do informe.

Como se observa na gráfica 1, que recolle o crecemento medio da renda dos fogares nos EE.UU. (en negro), a situación media nun país pode escurecer a percepción das desiguais situacións individuais. No caso que presentamos para o 20% da poboación menos rica (o quintil, 1/5, da poboación menos rica) teríase producido un deterioro das súas rendas (-0,2%), mentres que para o 20% máis rico o crecemento foi moi superior á media. Esta faciana da equidade non só é moi necesario tela en conta nos indicadores monetarios (PIB, PIN, PNN, etc.) por habitante, senón tamén en aspectos non monetarios da riqueza e do benestar, que se incorporarán máis adiante na nosa análise⁷. Se observamos a evolución en Francia no mesmo período e para a mesma variable (barras en cor gris) vemos que, aínda que é moi semellante a cifra media, a realidade social nos dous extremos é moi diferente.

Gráfica 1.- Percepción do crecemento medio. Crecemento da renda dos fogares, 1990-2000



FONTE: Elaboración propia con datos da p. 130 do informe.

Un problema específico e de moita importancia (cuantitativa e cualitativa) témolos na contabilización monetaria das actividades das Administracións Públicas que se inclúen no PIB, porque *a medida da produción (do sector público) polos consumos (e a omisión dos beneficios) pode nesgar á baixa a medida desa produción* (106). As actividades públicas avalíanse polo que custan, pero non polos beneficios que ofrecen ou polos outputs (por exemplo, formación ou saúde) que xeran⁸. Nun país onde a provisión de moitos destes servizos sexa pública verbo doutro onde esta sexa maioritariamente privada unha parte do PIB daquela estará infravalorada verbo do deste, pois neste de maior provisión privada a súa contabilización incluírá os beneficios respectivos.

Isto aféctalle sobre todo *ás transferencias sociais en especie recibidas do sector público* (ensino, sanidade, etc.)⁹, xa que, canto maiores sexan, máis corruxirán á al-

⁷ Para o IDH, véxase a p. 62 do informe.


⁸ Cuantificar os outputs non é sinxelo (véxase a p. 30), o que explicaría o uso simplificador da avaliación dos servizos públicos en especie polo custo de provisión.

⁹ Véxase a p. 34. Téñase en conta que os servizos de aloxamento –dos que falaremos logo– máis os servizos públicos en especie acadan o 30% do PIB (43).

za a renda real dos fogares por riba das rendas derivadas do PIB (123). Como a saúde e o ensino son decisivos na calidade de vida (154, 158), pódense aproximar –sumándoos ou restándoos ao PIBpc– a un indicador de benestar social no cálculo do IDH (índice de desenvolvemento humano) (194). Non facelo así supón, por exemplo, no caso do ensino, máis alá dunha infravaloración da súa provisión anual polo custo, non recoñecer como un activo fundamental dos fogares (e do país) o capital humano¹⁰ en termos de anos e calidade da formación recibida e acumulada, xa que o valor desta riqueza social é moi superior ao que vén recollido no PIB.

É importante deixar anotado aquí que cando se manexa o indicador da renda familiar dispoñible (RFD), aínda que se teñen en conta as transferencias monetarias entre o Estado e as familias (impostos pagados por estas en negativo, e prestacións e subsidios recibidos en positivo), os servizos en especie fornecidos polo Estado (saúde, ensino, etc.) seguen sen ser avaliados¹¹ como outputs, como beneficios ou como un activo das familias. Así, se collemos un indicador tan simple do resultado dos servizos sanitarios dun país como pode ser a esperanza media de vida, o benestar que cuantifica pode estar moi lonxe do que nos suxire o PIB por habitante. Unha comparación¹² do nivel relativo entre España e os EE.UU. (que tomarían o valor 100) para o ano 2007 afórranos calquera tipo de comentario (gráfica 2).

Gráfica 2.- Medida do benestar: PIB e saúde



NOTA: Nivel da economía de España no ano 2007 se EE.UU.=100.

FONTE: Elaboración propia con datos do PNUD (2009).

Non nos debe sorprendere que no informe se diga que¹³ *os niveis do IDH dan unha nova visión do mundo, xa que as clasificacións por países que se derivan del*

¹⁰ Na p. 32 do informe.


¹¹ Na p. 33 do informe.

¹² Na gráfica 2.1 do informe (p. 50) faise a comparación entre Francia e os EE.UU.

¹³ Na p. 233, en nota ao pé para o período 1990-2006 anótase que a correlación entre o PIB e o IDH só é do 0,44, o que indicaría que é posible mellorar moito o benestar social que mide o IDH, con crecementos non moi grandes do PIB.

son totalmente diferentes das que descansan no PIB por habitante. Así, a incorporación dos logros en saúde e mais en educación ao benestar que mide o PIB farían que Francia e mais os EE.UU. estivesen nun mesmo nivel (IDH de 0,95 nos dous países), a pesar de partir de niveis de PIB ben distintos (gráfica 3).

Gráfica 3.- Crecemento económico e desenvolvemento social



FONTE: Gráfica 2.7 da p. 234 do informe.

O que é certo en positivo, non o é menos en negativo. Daquela, *a parte da po-boación que non dispón dun seguro de enfermidade ou que non ten seguras nin su-ficientes prestacións de xubilación futuras* debería deducirse na cuantificación do PIB (182-183). Se a prestación sanitaria realizada polo sector público adoita estar infravalorada no PIB, a ausencia desta cobertura, máis alá de non contar en positi-vo, debería supoñer unha dedución ou un menor benestar social, pois non é o mes-mo ter a seguridade da atención sanitaria ou da cobertura dun mínimo nivel de vida na vellez que non telo. O PIB pode ser maior no país sen cobertura, mais a medida do benestar social non semella que poida prescindir de cuantificar en negativo ese maior risco.

Así, en xeral debería agregarse a seguridade (física, sanitaria, económica no desemprego, na xubilación...) ou a capacidade de evitar riscos ao cómputo do PIB se queremos medir a riqueza dunha sociedade, pois hoxe por hoxe son segurida-des¹⁴ que non se teñen en conta nos nosos sistemas de contabilidade nacional (125).

É paradoxal comprobar como, pola contra, algunhas destas inseguridades (*cri-minalidade*) supoñen incrementos nos gastos de policía e prisións que se agregan ao PIB (129, 171), co que un país máis inseguro para os seus cidadáns (nese senti-do con menor benestar social) podería ter por tal motivo un maior crecemento do PIB, pero para os autores do informe a taxa de criminalidade é obvio que se debería deducir do eventual nivel de riqueza que mida o PIB.

¹⁴ Sobre as inseguridades que non se teñen en conta no PIB, véxanse as pp. 58 e ss. e 221 e ss. (inseguridade vinculada ao desemprego, á enfermidade, á xubilación, etc., entre outras); un exemplo de moi preocupante actuali-dade é a violencia conxugal (pp. 219-220).

Na dirección contraria, no informe resáltase moito como os servizos de *alojamento dunha vivenda ocupada polo seu propietario e a produción doméstica*¹⁵ son algúns dos produtos sen mercado non incluídos no PIB (134), co que o incremento da produción de mercado (por substitución de producións domésticas) pode sobreestimar a mellora do benestar (136). Tamén pode provocar este efecto o uso dunha vivenda en réxime de aluguer fronte á opción de compra, xa que non se trata só de medir *as actividades económicas na produción, pois as medidas de benestar tratan das rendas dos fogares e do seu consumo* (118) (do uso e a distribución).

Paga a pena neste punto reproducir textualmente o exemplo¹⁶ que se utiliza no informe para poñer en evidencia de que estamos a falar: *“Imaxinemos un fogar composto polo matrimonio e dous fillos, que teñen uns ingresos de 50.000 unidades monetarias anuais e no que un membro ten un emprego remunerado a tempo completo mentres que o outro está dedicado totalmente aos labores da casa. O que traballa en casa ten ao seu cargo todas as tarefas, a cociña, as comidas e ocúpase dos nenos. Neste fogar non é preciso dedicar nada dos seus ingresos a comprar eses servizos. Collamos agora outro fogar co mesmo número de membros, pero no que os dous membros maiores ocupan empregos remunerados polos mesmos ingresos totais (50.000 ao ano) e ningún dos dous ten xa tempo de asegurar a produción da casa e ocuparse dos cativos. Neste fogar é preciso pagar pola totalidade das tarefas da casa, de cociñar, da limpeza e do coidado dos nenos. A súa renda dispoñible é menor. As formas de cálculo tradicional consideran que os dous fogares do exemplo teñen o mesmo nivel de vida, o que non é en absoluto certo. Ao centrarse sobre a produción que ten mercado e prezos, esa forma de cálculo ofrece unha imaxe nesgada dos niveis de vida”*.

Estas actividades poderían considerarse parte da economía oculta, xunto coas consideradas ilegais ou as da economía somerxida, para as que a Comisión Económica para Europa de Nacións Unidas presentou no ano 2008 un interesante informe¹⁷ titulado *Non-Observed Economy in National Accounts. Survey of Country Practices*.

Por outra banda, se a seguridade económica que dá un menor risco de desemprego (ou unha maior cobertura asistencial pública se un entra nesa situación) é certamente benestar social, pero non vén recollido no PIB, non é menos certo que *os custos do desemprego exceden das perdas de rendas que teñen as persoas que perden o seu emprego, debido aos efectos non monetarios* (150) persoais que esa condición implica¹⁸.

Pero este aspecto cualitativo do emprego (o maior ou o menor risco de despido) suxírenos que pode haber unha multiplicidade de aspectos por considerar. É neste punto onde hai que situar a *diferenza entre traballo e traballo decente (o traballo*

¹⁵ Estímanos os autores do informe entre un 30% e un 40% do PIB (44) (p. 144); só o do traballo doméstico aproximaríase ao 20% do PIB (p. 143 nota 39).

¹⁶ Traducimos das pp. 38-39.

¹⁷ Dispoñible en www.unece.org/stats/publications/NOE2008.pdf


¹⁸ No informe na p. 166.

non precario, sen discriminación sexual...); falamos das diferenzas na *calidade do traballo remunerado* (161) que non recolle o PIB.

De aproximarse e medir esta importante cuestión véñse ocupando a Organización Internacional do Traballo cando distingue¹⁹ os seguintes aspectos como compoñentes dun traballo decente: as oportunidades de atopar un emprego, os empregos que deberían estar prohibidos, unha remuneración axeitada, horarios razoables, estabilidade e seguridade no emprego²⁰, posibilidades de conciliar o emprego e a vida familiar, igualdade de oportunidades e de trato, seguridade no desempeño do traballo, protección social, diálogo social e representación dos traballadores asegurada. Son cuestións moi importantes no benestar social dos traballadores ocupados que non se miden coa simple participación das rendas salariais no PIB.

Para o ano 2003 nunha escala de 0 a 1 as clasificacións dos países non coinciden coas do PIB, tal e como se observa na gráfica 4 (España supera aos EE.UU. e ao Xapón).

Gráfica 4.- Ranking do traballo decente



FONTE: Informe, p. 194 (gráfica 2.4).

Tamén *o tempo usado no traxecto do domicilio ao traballo* reduce o benestar, e poderíase considerar como un aspecto suplementario dun traballo máis ou menos decente (162), aínda que tamén podemos consideralo como unha manifestación dun elemento do benestar social máis amplo: o maior ou o menor tempo de ocio ou de lecer. Pero, pola contra, o incremento do *tempo de ocio e de lecer asociado á mellora do nivel de vida contabilízase desfavorablemente pola medición clásica do PIB* (131, 164), polo que ten de menor tempo dedicado ao traballo remunerado e produtivo, así como tamén o feito de *limitar o consumo de bens materiais a favor*


¹⁹ Citamos pola p. 192 do informe; véxase tamén a p. 54.

²⁰ Tamén na p. 59 do informe.

do ocio consagrando máis tempo á cultura e ás artes (65) fai menos elevado o crecemento.

De novo un PIB menor ou igual entre dous países pode convivir con situacións moi asimétricas neste vector do benestar individual e social. A situación relativa entre Alemaña e os EE.UU. que observamos na gráfica 5 deixa ben ás claras a importancia e a desigualdade real observable neste asunto. E cómpre engadir sobre o particular que as estimacións dispoñibles indican que o valor do tempo de ocio²¹ se sitúa entre o 20% e o 30% dos ingresos netos dispoñibles dos fogares.

Gráfica 5.- O uso do tempo diario por persoa



NOTA: En minutos.

FONTE: Datos da gráfica 1.6 da p. 39 do informe.

Se os aspectos cualitativos do traballo non teñen acomodo no PIB como indicador da riqueza nacional, ou se un maior tempo de ocio ou de lecer pode mesmo afectar negativamente ao crecemento do PIB, no informe que estamos a comentar sinálanse outros aspectos do benestar social²² que, ou ben non se teñen en conta, ou ben, paradoxalmente, fan que unha catástrofe social se poida traducir en crecemento económico.

É o caso da calidade do medio ambiente: *as catástrofes ecolóxicas poden facer medrar o PIB grazas aos efectos que implican en termos de actividade económica* (231); *a xeración de gases de efecto invernadoiro supón un custo social... e faría falla deducir do PIB o valor dese impacto negativo* (102); *pola contra, o acceso ao aire e auga limpas ten un impacto inmediato sobre a calidade de vida* (174). Poderíamos ter, daquela, crecementos nada virtuosos²³, e tamén crecementos dos que non se deduce o deterioro que provocan no capital natural e ambiental²⁴ herdado das anteriores xeracións.

²¹ Na p. 149 do informe.

²² *Xa que as condicións ambientais son importantes para a calidade de vida da poboación* (p. 57 do informe).


²³ *Os gastos en prisións, militares ou de reparacións de danos causados polas mareas negras* (páxina 31 do informe).

²⁴ *O stock de recursos transmitidos* do que se fala na p. 67.

Se da análise anual do medio ambiente pasamos ao do medio e longo prazo, o benestar social para medrar reclama unha *sustentabilidade non só económica* (xa financeira ou diante dos riscos cíclicos, nos sistemas de protección social...), *política ou social, senón tamén ambiental* (251). Un indicador destes impactos que quedan fóra do PIB viría dado pola pegada ecolóxica (PE) que, sendo un indicador non monetario con coñecidas limitacións²⁵, si que sería moi útil para medir o impacto do crecemento económico mundial na sustentabilidade global do planeta. De xeito máis particular, outro indicador sería a pegada de carbono²⁶ –ou pegada enerxética–, que mediría a intensidade coa que os cidadáns e as distintas nacións do mundo provocan emisións que son causa do actual cambio climático, emisións derivadas dos seus consumos enerxéticos (para transporte, calor, iluminación, manufacturas, das importacións, etc.). Este compoñente parcial, o da pegada ecolóxica, si que sería axeitado tomalo como indicador do comportamento dun país verbo da sustentabilidade ambiental.

Como vemos na gráfica 6, os casos das economías norteamericana, xaponesa e europeas situarían as súas emisións moi por riba das biocapacidades de asimilación por habitante coas que conta o planeta; serían, daquela, insostibles. Porque, máis en xeral, se *os consumos posibles no futuro son inferiores aos niveis actuais, faise evidente que o nivel actual non é sostible* (209, 226). Por iso se debería reducir o nivel de riqueza que indica o PIB se a pegada ecolóxica (218, 241) é superior ás biocapacidades, porque estaríamos diante do *esgotamento dos recursos naturais ou da degradación do medio ambiente* (20).

Gráfica 6.- Riqueza e pegada do carbono



NOTA: Índice da pegada de carbono por habitante no ano 2005 (media mundial = 100).

FONTE: Elaboración propia con datos de *Living Planet Report* (2008) WWF.

²⁵ Véxanse as pp. 77-78 e, con máis detalle, as pp. 258 e ss. do informe.

²⁶ Nas pp. 78 e 273 do informe. En *Measuring Sustainable Development* a United Nations Economic Commission for Europe (2009) fanse propostas de interese.

Como dicíamos, *tamén a sustentabilidade política e social* (250, 251) –que podería observarse de entrada coa evolución temporal do IDH (*mobilidade social interxeneracional*) ou coa dos indicadores de traballo decente– debería ser tida en conta xunto coa sustentabilidade ambiental que medimos coa PE ou coa pegada de carbono.

Tampouco hai que esquecer que, con certeza²⁷, *as garantías lexislativas e do estado de dereito* melloran o benestar social (168). Por esa razón pode haber medidas que favorezan un incremento do PIB, mais que reduzan a capacidade das persoas e a súa liberdade de elección; daquela empeorarán a calidade de vida social (9). Pola contra, obsérvase²⁸ unha correlación positiva entre as institucións democráticas e os niveis individuais de benestar subxectivo. Mais para estes atributos do benestar social o informe non avanza indicadores que aproximen a súa avaliación integrada.

RESUMINDO

Como sosteñen os autores do informe, todo o anterior *non significa que nós propoñamos abandonar a contabilidade macroeconómica. Pensamos, ben pola contra, que as contas nacionais xogaron, xogan aínda –e continuarán a facelo– un papel esencial na xestión macroeconómica* (15). Pero o que si que se debe concluír é que a economía dun país –ou a economía como área do coñecemento humano– non se pode limitar á análise das condicións materiais de vida (rendas, consumo, riqueza, PIB), senón que se debe ampliar²⁹ cara á análise do benestar económico ou, se se quere, do desenvolvemento económico. Isto supón ter en conta, como mínimo:

- a) As condicións sanitarias e educativas acadadas³⁰.
- b) O uso non remunerado do tempo (de ocio, no fogar, etc.).
- c) O estado actual e futuro do medio ambiente³¹.

A título de exemplo nunha comparativa para o ano 2005 entre Francia e os EE.UU., mentres que en termos de condicións materiais de vida medidas pola riqueza que cuantifica o PIB Francia estaría no 66% da media dos EE.UU., se só temos en conta os servizos en especie asociados ao punto a), máis o traballo no fogar e o valor do tempo libre do punto b), pasaría ao 87% do valor medio agregado nos EE.UU. E se consideramos que o impacto na sustentabilidade é do dobre nun caso que no outro, non sería esaxerado igualar, como mínimo, o nivel no desempeño económico e no progreso social dos dous países (gráfica 7).

²⁷ Na p. 55 do informe.


²⁸ Nota 41 na p. 198 do informe.

²⁹ O informe (p. 16) identifica oito vectores.

³⁰ Unha primeira aproximación neste sentido sería o IDH (pp. 18, 62, 233).

³¹ Unha primeira aproximación sería a PE (pp. 14-15, 20, 77-78, 258 e ss.).

Gráfica 7.- Producción de riqueza e benestar social



NOTA: Nivel da economía de Francia no ano 2005 se EE.UU = 100.

FONTE: Elaboración propia sobre datos das pp. 41 (gráfica 1.7) e 42.

Sobre esta concepción ampla do benestar social a economía do século XXI debería ser quen de construír unha análise que permita avaliala e coñecer a súa natureza e causas, tendo en conta o grao da súa sustentabilidade, da súa equidade e da súa seguridade. É esta unha folla de ruta ben concreta, e non pouco ilusionante, para os economistas do século XXI que vimos de comezar.